



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE NOVEMBRO DE 2010

LICENZAS FAVORABLES

LIC/892/2008 – YAGOCASA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.- Construción de 30 vivendas unifamiliares pareadas no SUNP-25 de Roxos, nas parcelas R2.8 (4 vivendas), R2 (9 vivendas), R2.10 (4 vivendas), R2.11 (4 vivendas) e R2.12 (9 vivendas)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

2167/2010 Mercedes Rey Domínguez.- Expte:LIC/692/2007.....1.500 €

OCIHR

LICENZAS

LIC/327/2008.- MARÍA ISABEL MARTÍNEZ GIRÓN.- Rehabilitación de vivenda no lugar da Urceira-O Eixo.

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse varias axudas.

5.- Desestimación da petición relativa á revisión da aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Municipal de Ruidos, Vibracións e Condicións dos Locais.

Desestímase a devandita petición.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso de diferentes pavillóns municipais durante a tempada 2010-2011.

Concédesse á Agrupación de Deportistas Veteranos carácter prioritario na utilización de diferentes pavillóns municipais durante esta temporada.

7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD.

Apróbase o convenio para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD (Sistema Galego de Atención á Dependencia), o que suporá unha forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada un deles, para un mellor cumprimento dos fins de ambas partes.

8.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio entre o Concello e a USC para o programa "RUPTURA DE PARELLA E NON DE FAMILIA".

Apróbase o convenio polo que o Concello achega 30.000 euros.

9.- Propostas da concelleira delegada de Cultura relativas á aprobación de diversos convenios.

Apróbanse os convenios coas seguintes entidades: Seráns en Compostela (2.000 euros); Curso universitario internacional Música en Compostela (5.000 euros); Fundación Vía Galego (10.000 euros).

10.- Adxudicación das obras de remodelación da área de xogos infantís no barrio de Fontiñas.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa HPC IBÉRICA, SA, por importe de 124.979,70 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa ao inicio de contratación das obras incluídas no proxecto básico e de execución da ampliación do refuxio de animais.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 178.999,13 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Circulación Viaria relativa á adxudicación provisional do servizo de mantemento, conservación e nova instalación de sinalización horizontal e vertical.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa API MOVILIDAD, SA, por un importe de 224.774,95 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de centros socioculturais relativa ao inicio da contratación do subministro de mobiliario para diferentes centros socioculturais.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 57.999,86 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Centros socioculturais relativa ao inicio da contratación do subministro de equipamento informático e material complementario para diferentes centros socioculturais.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 39.997,69 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Centros socioculturais relativa ao inicio da contratación do subministro de utillaxe para a rede municipal de centros socioculturais.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 24.979,05 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Centros socioculturais relativa ao inicio da contratación do servizo de deseño, elaboración de contidos, produción, execución e construción de elementos expositivos da mostra gráfica e audiovisual itinerante "A memoria da xente".

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 40.120 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á adxudicación definitiva do servizo de elaboración do plan de mobilidade urbana sostible.

Adxudícase definitivamente o devandito servizo á empresa EPYP, S.A., por importe de 93.220 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación relativa á aprobación inicial de axudas para rehabilitación de vivendas incluídas na fase 11 do convenio coa consellería de vivenda da Xunta de Galicia.

Apróbanse axudas para 6 vivendas por importe de 27.723,01 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á anulación de retencións de crédito en concepto de achegas municipais á subvención solicitada para programa de apertura de centros educativos fóra de horario lectivo.

Anúlase a devandita retención.

20.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da adxudicación definitiva do servizo de dinamización social, e igualdade de oportunidades no programa Urbana Norte.

Elévase a definitiva a adxudicación do contrato de referencia á UTE EULEN, SA, - EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA, por importe de 690.706,89 euros.

21.- Proposta da concelleiro delegado de Xuventude relativa ao inicio da contratación do subministro de mobiliario para o centro Xove.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 53.693,99 euros.

22.- Proposta da concelleiro delegado de Xuventude relativa ao inicio da contratación do subministro de equipamento, sonido e iluminación para o centro Xove.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 38.855,87 euros.

23.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación de incentivos de xubilación anticipada.

Apróbase o incentivo.

24.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación da modificación da estrutura organizativa e relación de postos de traballo para adaptala ao cadro de persoal 2010.

Apróbanse a modificación da estrutura organizativa e relación de postos de traballo para adaptala ao cadro de persoal para o ano 2010, aprobado en sesión do 5 de agosto deste ano, e ás previsións que contén o acordo regulador/convenio colectivo das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello.

25.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación da planificación de actividades da rede de cooperación local para 2010.

Apróbase a realización de actividades por importe de 26.000 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto modificado núm. 1 das obras de reurbanización dos contornos urbanos (Rosalía de Castro desde Romero Donallo-Santa Marta-Choupana-Volta do Castro).

Apróbase o devandito proxecto modificado, por importe de 424.170,10 euros máis IVE.

2.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación dunha xubilación parcial e redución da xornada laboral do contrato de relevo.

Acórdase a modificación da xornada a prestar por unha traballadora en virtude da súa xubilación parcial e do seu conseguinte contrato de relevo.